

Servizo de Patrimonio  
Expediente 21.007-240

CONCELLERÍA  
DE  
PATRIMONIO

CONCELLO DE  
VIGO



**ASUNTO: CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO EXCMO CONCELLO DE VIGO**

#### INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE

O Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, no exercicio da súa actividade poden incurrir, por acción ou omisión, en actos que causen un perxucio efectivo, evaluable individual e economicamente a unha persoa ou grupo de persoas fronte as cales teñen a obriga de responder economicamente.

A vista do mesmo é preciso contar con unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial que cubra as indemnizacións por danos materiais, corporais, perxucios e perxucios materiais primarios que se poidan producir, dado que ditas indemnizacións poderían producir un gasto moi elevado para a administración o que xustifica a necesidade da contratación de dita póliza.

Na actualidade, o Concello xa dispón dunha póliza de RC, concertada coa entidade aseguradora Allianz compañía de seguros e reaseguros SA, que está previsto o seu vencemento no próximo ano 2022 o 2 de xullo, sen posibilidade de prórroga, o que xustifica a necesidade e idoneidade na contratación dunha nova.

Baixo o n.º de expediente 20868-240 tramitouse a contratación desta poliza, resultando deserta pola ausencia de presentación de ofertas, o que motiva a necesidade e urxencia desta nova licitación.

En consecuencia, e en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017 emítese o presente informe coa finalidade de motivar a necesidade da contratación, por procedemento aberto, dunha póliza de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Excmo Concello de Vigo e os seus organismos autónomos.

**Vigo, data segundo sinatura electrónica.**

**O Xefe do Servizo de Patrimonio (Luis Rodriguez Cadarso).**



Copia do documento - Concello de Vigo  
21007-240

Data impresión: 25/05/2022 09:45

Páxina 1 de 2

CSV: AEAHAH-E1C532-3C82A4-F8FY8Q-NK8TDR-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Conforme,  
A Xefa da Area Xestión Patrimonial e Territorial (Marta Riobó Ibáñez).

**DECRETO:**

Á vista do informe do Xefe do Servizo de Patrimonio, comprobada que a necesidade deste contrato queda suficientemente motivada, tal e como se esixe no art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/85, art. 25.2 a) da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, resolución do Alcalde de 9/05/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20/06/2019, **RESOLVO** en conformidade co mesmo.

En Vigo, data segundo sinatura dixital.

O Concelleiro Delegado de Patrimonio (Francisco Javier Pardo Espiñeira)  
(Decreto delegacións 9/05/2022)

Dou Fe, A Secretaria de Administración Municipal, (Susana Gallardo Fariña)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2022 09:45	Páxina 2 de 2
21007-240	CSV: AEAHAH-E1C532-3C82A4-F8FY8Q-NK8TDR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		